

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles neste Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.-

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,65 por 100.
2. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,60 por 100.
3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3 por 100.

Artigo 3º.- De conformidade co previsto no apartado 6 do artigo 73 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, según a redacción dada ao mesmo polo artigo 29. Tres, do Real Decreto –Lei 7/1989, de 29 de decembro, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana figurado no apartado 1, quedará reducido, durante os tres primeiros anos, desde a entrada en vigor da revisión dos valores catastrais aos seguintes tipos:

Primeiro ano, 0,25 por 100

Segundo ano, 0,30 por 100

Terceiro ano, 0,35 por 100

Artigo 4º.- Exencións

En aplicación do disposto polo artigo 63.4 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, quedarán exentos de tributación os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmobles:

A) Urbanos, cando a cota líquida sexa inferior a seis (6) euros.

B) Rústicos, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no término municipal sexa inferior a seis (6) euros.

Art. 5.- Bonificacións.

“Gozarán dunha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (actividades agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras. Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno”.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica nin coa Seguridade Social.
- Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.